

EXERCICIOS DE APOIO //

»A/ DEFINE CONCEPTOS

- ▶ Macrófago
- ▶ Antixeno
- ▶ Alérxenos
- ▶ Anticorpo
- ▶ Células memoria
- ▶ Inmunodeficiencia
- ▶ Soro

»B/ CUESTIÓN 01

Unha persoa padeceu unha doenza infecciosa causada por un virus. Pasado un curto período de tempo comprobouse que o virus sufriu unha variación (mutación) na composición química do seu determinante antixénico e a persoa hospedeira anterior, ao entrar de novo en contacto co virus mutado, volveu padecer de novo, máis unha vez, a mesma enfermidade. Razoa unha resposta que explique estes feitos.

»C/ CUESTIÓN 02


Explica as diferenzas que hai entre unha vacina e un soro.

»D/ COLOCA NA COLUMNA DO MEDIO A PALABRA OU EXPRESIÓN ACAÍDA QUE CORRESPONDA

Células plasmáticas		Inmunización artificial activa SIDA Anticorpos Linfocitos T Soro
Inmunidade celular		
Inmunización artificial pasiva		
Inmunodeficiencia		
Vacinas		



»E/ NO DEBUXO AO PÉ, SUBSTITÚE AS INTERROGACIÓNS [?] POLOS TERMOS ACAÍDOS QUE CORRESPONDAN



»F/ VERDADEIRO OU FALSO

ENUNCIADO DAS FRASES	V ou F
1- Na resposta inmunitaria específica interveñen linfocitos e macrófagos	
2- A resposta inmunitaria específica, unha vez desencadeada, é eficaz contra calquera patóxeno	
3- A medula ósea vermella é un órgano linfoide primario	
4- O timo é un órgano linfoide secundario	
5- As doenzas autoinmunes prodúcense porque falla o mecanismo de tolerancia inmunolóxica	
6- O aleitamento dos bebés proporciona inmunidade artificial pasiva	
7- O alotransplante é aquel que se realiza entre individuos de distinta especie	
8- Os Linfocitos T interveñen na inmunidade humoral	
9- O sistema de complemento complementa e amplifica os mecanismos da resposta inmunitaria	
10- Diapédeese: movemento que permite aos leucocitos atravesar as paredes dos capilares	

SOLUCIÓNS

EXERCICIOS DE APOIO //

»A/ DEFINE CONCEPTOS

- ▶ **Macrófago:** Célula inmunocompetente fagocitaria. Intervén na resposta inmunitaria celular. Detecta un patóxeno, fagocítalo e coloca fragmentos do antíxeno dixerido na súa membrana plasmática asociados aos CMH-II. Logo presenta o antíxeno aos Linfocitos T para que se activen.
- ▶ **Antíxeno:** Toda substancia que orixina unha resposta inmunitaria. O sistema inmunitario identifícaa como composto estrano e sintetiza e libera anticorpos contra el.
- ▶ **Alérxenos:** Son substancias, aparentemente inocuas, que desencadean as reaccións de hipersensibilidade ou alerxias nas persoas sensíbeis.
- ▶ **Anticorpo:** Glicoproteína globular, sintetizada polos linfocitos B, que se une especificamente ao antíxeno e neutraliza a súa toxicidade.
- ▶ **Células memoria:** Son os linfocitos B, T colaboradores e T citotóxicos que permanecen activados logo dun primeiro contacto co antíxeno e do desencadeamento da resposta inmunitaria primaria; no caso de apareceren de novo o mesmo patóxeno serán as células encargadas de dar unha resposta inmunitaria secundaria inmediata e moi eficaz.
- ▶ **Inmunodeficiencia:** Incapacidade do sistema inmunitario para dar unha resposta adecuada e actuar correctamente contra as infeccións microbianas.
- ▶ **Soro:** Preparado que contén anticorpos específicos contra os antíxenos causantes dunha determinada doenza. Utilízase contra toxinas circulantes como a do tétano, difteria, rabia e contra velenos varios como os dos ofidios.

»B/ CUESTIÓN 01

Unha persoa padeceu unha doenza infecciosa causada por un virus. Pasado un curto período de tempo comprobouse que o virus sufriu unha variación (mutación) na composición química do seu determinante antixénico e a persoa hospedeira anterior, ao entrar de novo en contacto co virus mutado, volveu padecer de novo, máis unha vez, a mesma enfermidade. Razoa unha resposta que explique estes feitos.

O feito de variar a composición química do determinante antixénico, aínda que o axente patóxeno sexa o mesmo, fai irrecoñecíbel o novo virus mutado para as células memoria formadas na persoa infectada durante o seu primeiro contacto co patóxeno. É por iso que volve padecer a doenza sen que se poida beneficiar dunha resposta inmunitaria secundaria que lle evitaria esta nova infección.

»C/ CUESTIÓN 02


Explica as diferenzas que hai entre unha vacina e un soro.

As vacinas conteñen o microorganismo patóxeno atenuado (ou antíxenos do axente infeccioso) e utilízanse de forma preventiva (profiláctica) para conferir inmunización artificial activa, mentres que os soros conteñen anticorpos contra un determinado axente infeccioso e utilízanse como medida curativa (terapéutica), conferindo inmunización artificial pasiva.

»D/ COLOCA NA COLUMNA DO MEDIO A PALABRA OU EXPRESIÓN ACAÍDA QUE CORRESPONDA

Células plasmáticas	Anticorpos	Inmunización artificial activa SIDA Anticorpos Linfocitos T Soros
Inmunidade celular	Linfocitos T	
Inmunización artificial pasiva	Soros	
Inmunodeficiencia	SIDA	
Vacinas	Inmunización artificial activa	

»E/ NO DEBUXO AO PÉ, SUBSTITÚE AS INTERROGACIÓNS [?] POLOS TERMOS ACAÍDOS QUE CORRESPONDAN



»F/ VERDADEIRO OU FALSO

ENUNCIADO DAS FRASES	V ou F
1- Na resposta inmunitaria específica interveñen linfocitos e macrófagos	V
2- A resposta inmunitaria específica, unha vez desencadeada, é eficaz contra calquera patóxeno	F
3- A medula ósea vermella é un órgano linfoide primario	V
4- O timo é un órgano linfoide secundario	F
5- As doenzas autoinmunes prodúcense porque falla o mecanismo de tolerancia inmunolóxica	V
6- O aleitamento dos bebés proporciona inmunidade artificial pasiva	F
7- O alotransplante é aquel que se realiza entre individuos de distinta especie	F
8- Os Linfocitos T interveñen na inmunidade humoral	F
9- O sistema de complemento complementa e amplifica os mecanismos da resposta inmunitaria	V
10- Diapédesse: movemento que permite aos leucocitos atravesar as paredes dos capilares	V